

## FICHA DE ACTUACIÓN DO PROFESORADO DE GARDA (DEPARTAMENTOS OU OUTRAS ESTANCIAS)

Ao oír a Alarma Acústica de urxencia (3 tons consecutivos do timbre de cambio de clase ou sirena de alarma):

- Abandonarán a estancia que ocupen asegurándose que está baleira e confirmará que se pechan portas, fiestras (se é posible) e corte de fornecemento eléctrico (en cadro se existe, ou senón corte do interruptor de alumado) da estancia e marcará que foi evacuada e revisada (por exemplo cun papel na zona de pechadura porta ou cunha cadeira na porta).
- O seu cometido será garantir unha boa evacuación, evitando interrupcións e controlando que non quedan persoas atrasadas (para iso abrirán as portas de saída de xeito completo e situaranse en puntos de tráfico conflictivo (escaleiras e portas de saída) para axilizar a evacuación.
- Revisarán o centro comprobando que non hai ninguén nas aulas que estean sen marcar (sen papel na porta).
- Pecharán as portas abertas do centro (sen chave) unha vez que a evacuación foi finalizada.
- Dirixiranse ao PUNTO DE ENCONTRO.

A persoa encargada da biblioteca será á encargada da evacuación do alumnado que a estea ocupando nese momento (mesmas pautas de pechadura de portas e fiestras, corte de fornecemento eléctrico e marcar a aula como evacuada).

Nota: Se a urxencia se produce durante o tempo de lecer: O profesorado dirixirase ás saídas de evacuación respectivas das súas quendas correspondentes e os profesorado de garda e persoa de biblioteca terán as mesmas tarefas que tiñan asignadas anteriormente.

Recomendacións:

Guía de boas prácticas durante a evacuación

- Manteña a orde ao saír, non corra, non grite e fale o menos posible.
- Axude e sexa solidario con aqueles que por calquera causa teñan diminuídas as súas facultades físicas (é conveniente asignar algún alumnado que en caso de urxencia puidese axudarlle).
- Evite a curiosidade e, se a súa presenza non é necesaria, non debe permanecer en zonas de conflito ou evacuación.
- Utilice as vías e portas de evacuación que están marcadas e sinalizadas, seguindo as indicacións e direccións sinalizadas en sinalización fotoluminiscente de evacuación.
- Non atrasarse a recoller obxectos persoais.
- Non utilizar os ascensores nin ramplas mecánicas durante a evacuación.
- Realizar a evacuación a ras de chan en caso de presenza de fumes.
- Se quedase bloqueado nunha estancia, deixe as portas pechadas, abra as fiestras e axite os brazos pedindo axuda.

DIRIXIRSE AO LUGAR DE REUNIÓN FIXADO E PERMANECER NEL ATA RECIBIR INSTRUCCIÓN